

CONCURSO LOGO

AULA DE EMPRENDEMENTO

Dende o IES ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ convócase o concurso de deseño dun logo destinado a ser a imaxe representativa da nosa Aula de Emprendemento.

O concurso rexerase polas seguintes **BASES**:

1. Obxectivo: Deseño dun logo destinado a ser a imaxe representativa AULA DE EMPRENDEMENTO DO IES PLURILINGÜE ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ.

2. Participantes: O concurso está dirixido a todo o alumnado que curse estudos no IES Pl Antón Losada Diéquez. Cada participante presentará unha única proposta a concurso.

3. Propostas:

- a) Os traballos consistirán na presentación dun logo integral, é dicir, un símbolo e denominación. Onde apareza a palabra "Aula de Emprendemento". O deseño deberá ser orixinal e inédito.
- b) Aconséllase utilizar cores que sexan facilmente convertibles a escala de grises, para a súa realización posterior tanto en cor como en branco e negro.
- c) Formato de entrega: Cada logo deberá ser presentado en arquivo papel (impreso) ou en formato dixital JPG ou TIF.
- d) Excluiranse todos aqueles logotipos que teñan connotacións sexistas, xenófobas, racistas ou ofensivas contra persoas ou institucións.
- e) Ademais, cada concursante achegará un arquivo cunha breve explicación (escrito en formato electrónico ou impreso), na que se describa a historia do seu traballo para realizarlo.
- f) Unha vez enviada non se poderá retirar a proposta.

4. Presentación de proxectos: Os deseños para o concurso deben presentarse seguinte xeito:

1. Introducir nun sobre pechado:

- O traballo en formato dixital (pen drive) ou impreso a cor tamaño A4.
- Breve explicación do logo (en formato impreso ou dixital).
- Os datos do autor ou autora: Nome e apelidos, idade e curso.
- Este sobre pequeno escrito por fóra un pseudónimo.

2. Introducir o sobre anterior noutro sobre no que só figure, no exterior, o mesmo pseudónimo.

3. Presentar en CONSERXERÍA

5. Prazos de presentación:

Apertura do prazo: o luns 27 de febreiro.

A data límite de recepción de propostas será o día 17 de marzo ata o peche da Conserxería.

6. Xurado e veredicto:

O Xurado estará composto por representantes da Aula de emprendemento, Departamento de Plástica e Dirección do centro.

O veredicto do Xurado será inapelable, notificando vía correo electrónico ao ganador/a que se fará público na páxina web do centro a partir do día 24 de marzo

Contra os acordos que adopte o xurado do concurso, non procederá reclamación algúnhha, salvo que se teña constancia de vulnerar o estipulado nas presentes bases. O xurado resérvase o dereito para declarar o premio deserto e convocar un novo concurso ou novas bases ao que deberán presentarse novos traballos.

7. Dereitos de propiedade

- a) O/a gañador/a do concurso, cede todos os dereitos en relación co traballo realizado e presentado ao IES PLURILINGÜE ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ. Polo que o noso centro pasará a ser propietario de todos os dereitos de propiedade industrial e intelectual que puidesen corresponderlle en relación co gráfico e coa denominación, así como calquera outros que lle puidesen corresponder, así como a súa "copyright".
- b) Da mesma forma céndense tamén os dereitos de manipulación, edición, exposición e reprodución.
- c) A propiedade, utilización e dereitos do traballo gañador quedarán reservados exclusivamente para o IES PLURILINGÜE ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ.
- d) Os/as gañadores/as renuncian sen limitación a calquera reserva de dereitos no seu favor ou a calquera outro derecho sobre o deseño.
- e) Os/as gañadores/as faranse totalmente responsables fronte ás reclamacións que puidesen xurdir de calquera natureza ou que terceiros puidesen fazer respecto diso, sen carácter exhaustivo, á orixinalidade, parecidos ou copias parciais dos traballos presentados.

8. Premio:

Establécese un único premio consistente nun VALE DE 150 EUROS para mercar nos comercios da ACOE da Estrada.

8. Aceptación das bases:

A participación no concurso leva implícita a aceptación de todas estas bases e o fallo do Xurado. Todo caso non previsto nas presentes bases será resolto polo Xurado, comunicando a cada participante tal decisión